

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 22 DE MARZO DE 2024

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Presedo Garazo, Antonio

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Reboreda Morillo, Susana

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía

Rodríguez Álvarez, Lucía

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Excusan asistencia

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Estudantes

Rama Mosquera, Alejandro

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 22 de marzo ás 12,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2023 e extraordinaria do 16 de xaneiro de 2024.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos sometidos a validación na xuntanza da Comisión de Calidade do 21 de marzo de 2024.
 - a) 3.1. R1 e R2 PE-01. Identificación das necesidades e das necesidades de formación do PAS do Centro.
 - b) 3.2. R2 PE-02. Listaxe de accións formativas do PDI derivadas de necesidades detectadas.
 - c) 3.3. R1 IA-01. Necesidades de recursos e servizos.
 - d) 3.4. Materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento do Título (artigo 14.4 do RD 822/2021)
4. Asuntos de urxencia.
5. Rolda de intervencións.

O decano dá lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpán a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2023 e extraordinaria do 16 de xaneiro de 2024.

As Actas son aprobadas por asentimento.

2. Informe do presidente.

O presidente informa que foron aprobadas as axudas para actividades extra-académicas que, este ano, son as Xornadas da Facultade “Mulleres no tempo”, que ascenden aos 1.850 euros que nos corresponden por número de alumnado. Tamén foron confirmadas as do Consello social, que se destinan fundamentalmente ás prácticas de Armea e as Xornadas de orientación profesional (que se realizan no mes de outubro) con 1.500 euros en conxunto.

A continuación comenta que nas distintas xuntanzas que se manteñen co alumnado, este curso se incrementaron as queixas en relación coa non dispoñibilidade das clases gravadas en determinadas materias. Todo o alumnado foi informado e coñecen perfectamente que non existe obriga legal de gravar as clases. Sinala que entre o alumnado semipresencial comeza a ser maioritaria a percepción de que ao mellor non debería ofertarse esta modalidade se non están nas mesmas condicións que o alumnado presencial e, na súa opinión, isto pasa por dispoñer das clases gravadas. Varias desas queixas foron cursadas a través das canles oficiais e nun caso elevadas a distintas instancias universitarias (decanato, secretaría do reitor, etc.). Haberá que deixar constancia destas queixas nos informes de docencia que se elaboran cada ano dende o decanato, con independencia do fundado ou infundado das queixas.

Sinala que a fotocopiadora que se encontraba na aula de libre acceso quedou inutilizada e a empresa que a atendía non asume a reparación e proporciona outra nova mediante o sistema de custe-copia. A única opción sería sumarse ao acordo-marco que ten a Universidade con carácter centralizado pero, por unha banda, o custe-copia é case prohibitivo e, en segundo lugar, tampouco ían instalar unha dado o relativo baixo consumo que tiña nos últimos anos esta fotocopiadora. Dende o decanato buscou a forma de manter este servizo, mediante a fotocopiadora que se atopa no pavillón II. Co protocolo que xa foi comunicado búscase manter a integridade da rede de profesorado, que é á que está conectada esa fotocopiadora, co cal preténdese evitar o posible acceso aos ordenadores do profesorado que están conectados a esta rede. Para que quen o precise poida empregar a impresora, foi habilitado un dos ordenadores portátiles do decanato que se pode empregar tanto na secretaría como, de ser preciso, fora do horario, dende o despacho do decano. Chama a atención sobre

o feito de que este servizo vai representar un novo gasto que repercutirá sobre o orzamento da facultade e que non está orzamentado. Nos últimos tres anos, non se facturou nada por este concepto porque esa fotocopiadora non tiña mantemento e contaba con toner suficiente polo que non ocasionaba gasto. De acordo coa representación do alumnado, se fose preciso ao longo do exercicio, unha parte do custo desas impresións se cargarían á propia delegación do alumnado.

En relación co plan de captación de alumnado, informa das diferentes actividades que, desde principio de curso se veñen desenrolando. Ademais dos distintos talleres de Xeitura nos distintos centros da provincia de Ourense e Pontevedra herdados de anteriores equipos decanais, destaca as tres xornadas (16 de febreiro, 18 e 20 de marzo) do programa *Coñece o Campus*, coa asistencia de preto de 1200 alumnos de distintos institutos para coñecer as titulacións, oferta formativa e o que poden atopar no campus; dentro deste marco presentáronse as ofertas de Xeografía e Historia, do PCEO e o Mestrado. Considera o presidente que se trata dunha iniciativa moi positiva e que foi ben acollida por todos os centros. Agradece a colaboración de diferentes servizos, do PAS e de Patricia, Adolfo, Alba e Fermín polo seu labor na visita ao laboratorio de Arqueoloxía, que sempre chama a atención dos alumnos visitantes.

Comenta o decano que aproveitou esta visita para entrar nos catro laboratorios (Xeografía, Arqueoloxía, Arte e Medieval) e sinala que, na súa opinión están infrautilizados. Invita ás Áreas a reflexionar sobre as posibles formas de poñer en valor eses espazos e apunta, por exemplo, a posibilidade de realizar algún tipo de exposición de carácter permanente, algo que sería moi positivo e contribuiría a dar maior visibilidade a Facultade en vindeiras edicións das xornadas *Coñece o Campus*; neste senso destaca que nesta edición o número de alumnos interesados en coñecer o laboratorio de Arqueoloxía foi moi superior a ocasións anteriores.

Tamén dá conta que o pasado 13 de marzo os decanos dos ámbitos Xurídico-Social e Humanístico, acudiron ao Instituto das Lagoas presentando as titulacións ao alumnado de segundo de Bacharelato destes dous ámbitos.

A continuación informa que se enviaron en tempo e forma as alegacións ao informe, que foi favorable, para a renovación da Certificación do Sistema Interno de Garantía de Calidade e que se está a traballar no Informe de Revisión pola Dirección, que vai con certo retraso porque estamos pendentes dunha serie de estatísticas que elaboran a Área de Apoio a Centros e Departamentos e Calidade. Como é sabido, esta Área, durante o presente curso, soporta unha importante sobrecarga de traballo debido a distintos factores, entre eles os derivados da implantación de Sigma.

3. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos sometidos a validación na xuntanza da Comisión de Calidade do 21 de marzo de 2024.

3.1. R1 e R2 PE-01. Identificación das necesidades e das necesidades de formación do PAS do Centro.

3.2. R2 PE-02. Listaxe de accións formativas do PDI derivadas de necesidades detectadas.

3.3. R1 IA-01. Necesidades de recursos e servizos.

3.4. Materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento do Título (artigo 14.4 do RD 822/2021)

Indica o decano que se trata de procedementos xa validados en Comisión de Calidade aos que a Xunta de Facultade ten que dar o visto bo. Os tres primeiros son rexistros obrigatorios que elabora a administradora do centro ou en quen delegue, relativos á identificación das necesidades de formación do PAS, das accións formativas do PDI e o terceiro, elaborado directamente pola administradora, que é a necesidade de recursos e servizos.

Sobre o punto 3.4. o decano lembra que no mes de novembro sometérase á Xunta de Facultade a aprobación da declaración de interese para Modificación do título de Grao en Xeografía e Historia para adaptarse ao RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade que implicaba o cambio de adscrición do Título do ámbito de Artes e Humanidades ao novo ámbito de Historia, Arqueoloxía, Xeografía, Filosofía e Humanidades. No mes de febreiro, a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia pediulle ás tres Universidades do SUG que, ademais daquela modificación non substancial dos títulos inclúsen unha relación das materias básicas que, adscritas ao novo ámbito, que puidesen ser obxecto de convalidación polo alumnado procedente deses ámbitos cos que agora se asocia o Título.

Temos a posibilidade de adscribir ou asociar a totalidade dos 60 créditos de formación básica ao ámbito de coñecemento ou ben incluír un mínimo de 30 créditos ECTS. Sinala que tanto o equipo decanal como a coordinación do título e Áreas especialmente afectadas, como Historia da Arte, non consideran que exista inconveniente en seguir a primeira das opcións, dado a convalidación non é automática e sempre que existen dúbidas se solicita informe do profesorado. Por outra banda, esta opción evita entrar a discutir que cinco materias de formación básica serían as recoñecidas e que cinco non pero, no caso de que cambie o criterio da Consellería, sería un mecanismo para atraer a alumnado deste ámbito que contemplase facer unha segunda carreira ou que se integrase no grao ao ver que ten a posibilidade de convalidar certo número de materias. En consecuencia, o que se somete a aprobación da comisión é a proposta de adscribir a totalidade dos 60 créditos de formación básica ao ámbito de Historia, Arqueoloxía, Xeografía, Filosofía e Humanidades.

A proposta apróbbase por asentimento.

4. Asuntos de urxencia.

Non hai.



5. Rolda de intervencións.

A prof^a. Beatriz Comendador pregunta se esa adscrición que se vai facer implica que se deben facer cambios na Memoria do Título.

Responde o decano que non afecta para nada. Trátase dun catálogo de materias que poden ser convalidadas por alumnado procedente de outros graos. A única dúbida é si isto no futuro pode ter repercusión na modificación do Título, como se comentou na Xunta de novembro en relación con Historia da Arte, ante a dúbida sobre a súa posible perda de peso dentro do Título en relación con outras materias procedentes, por exemplo, da Filosofía. A día de hoxe non hai información sobre estas cuestións.

Comenta a prof^a. Beatriz Comendador que, no intre no que sexa preciso facer algunha modificación na Memoria, sería importante, co obxectivo de acadar o distintivo de Igualdade -ou cando menos optar a el-, facer modificacións na redacción da Memoria con vistas ao emprego da linguaxe inclusiva.

Responde o decano que se pode consultar si é posible modificar a actual memoria na dirección que sinala a prof^a. Beatriz Comendar, xa que ao seu entender non supón unha modificación substancial.

Remata a sesión ás 12,53 h do día 22 de marzo de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro